



CIRCO





Peter Punk

Peor Imposible

Un novo unipersoal do recoñecido pallaso Peter Punk no que mantén a súa esencia e o humor irreverente co que acadou o éxito. E onde dá mostra da súa veteranía e madurez, tras máis dunha década de traxectoria profesional.

Peter Punk non contaba con que as cousas sempre poden ir a peor. Na súa nova aventura, non lle queda outra que afrontar o seu fracaso. Pero **está disposto a todo pola risa do público.**

Unha catedral de nove paraugas en equilibrio, o salto ao baleiro dun voluntario a cegas, o perigoso Circuito da Morte, e un evocador final que sorprenderá ás máis cativas e cativos, e fará reflexionar ao público adulto.

Nesta ocasión veremos a un pallaso optimista, equilibrado e olímpico, que buscará a complicidade do público para superar as dificultades que atopará en cada rutina, como unha metáfora dos tempos que vivimos.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *Peor Imposible*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

PREMIO do público
Festiclown 2014
Rivas Vaciamadrid



Peter Punk

Chungo que te Cagas

É o primeiro espectáculo co que Peter Punk comeza a súa andaina como pallaso e no que se perfila a súa personalidade **divertida e irreverente**, que fará as delicias de cativas, cativos e maiores; **creando un universo propio** no que a liña de traballo é a diversión, o xogo e unha visión moi persoal do mundo. Mostrará a súa destreza (ou non) con elementos que van aparecendo da súa maleta: pelotas, un prato chinés, fachos de lume e o clásico tartazo reinventado ao máis puro estilo deste irreverente pallaso internacional. O seu particular "*Chungo que te cagas*" é o "Máis difícil aínda!" do circo clásico. Este é o seu espectáculo máis universal e todoterreo, perfecto para calquera tipo de espazo e público.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *Chungo que te cagas*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

PREMIO do público
Mundoclown 2008
Vigo Galicia



Peter Punk

A chungatrona

Neste espectáculo Peter Punk crea un conxunto de rutinas que confirma a súa intención de converterse nunha referencia do novo circo galego como pallaso.

Neste espectáculo veremos unha aloucada entrada en escena coa Testarroza, o miniciclo de Peter Punk. A máxica desaparición dun globo no seu bandullo, a destreza dunha voluntaria con tres aros e un vaciador de ideas.

E como colofón, un final único no mundo: **A CHUNGATRONA!!** Un aparello pensado por un pallaso, que manterá ao público en tensión ata que... algún incauto resulte totalmente mollado e coa cara cuberta de tarta. Todo isto para desatar a risa, a diversión e a loucura do público: nenas, nenos e maiores.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *A Chungatrona*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Público infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

PREMIO do público
Festiclown 2013
Rivas Vaciamadrid

Peter Punk

Peter Punk e o Neno Imperdible

Que lle acontece a un pallaso cando o seu ego supera o seu propio nariz? Descúbreo neste trepidante espectáculo, no que **Peter Punk e Brais das Hortas** comparten elenco por primeira vez. Un tendedeiro en equilibrio, un salto ao baleiro en monociclo, unha voluntaria morta e resucitada en escena, seis instrumentos interpretados ao vivo (guitarras: clásica, eléctrica e portuguesa, acordeón e bucina) e ata Peter Punk se atreve coa harmónica!! E como final: A Chungatrona: un artefacto único no mundo, pensado por un pallaso. Estes son algúns dos elementos desta novidosa proposta teatral dirixida polo recoñecido director arxentino Walter Velázquez e no que participan Peter Punk e Brais das Hortas. Esta é unha obra que destaca polo seu coidado guión, a elaboración e enxeño das rutinas, un grande traballo de dirección e unha orixinal escenografía.

Un músico e un artista de circo. Dous pallasos en constante reconciliación entre eles, consigo mesmos e co mundo enteiro. Un delirio nun monociclo pinchado. **Diversión, música ao vivo e momentos de tensión e risco.** Un completo espectáculo para desfrutar tanto na rúa coma no teatro.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk" e Brais das Hortas

Nome do espectáculo *Peter Punk e o Neno imperdible*

Modalidade artística Circo, Música, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Público infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

Peter Punk

Punkdemia

Peter Punk está de volta para converterse no **Doutor Punkdemia**. Presenta un espectáculo viral no que, a través de 4 Fases, amosará a súa **particular visión da pandemia**. Neste espectáculo adaptado á nova normalidade, veremos como se viste un pallaso para protexerse da pandemia, malabares con coronavirus e asistiremos a unha técnica nova para botar o virus do noso corpo empregando globos de xeito sorprendente. Contaremos coa axuda de **Tranquilo**, un vello amigo de Peter Punk sempre disposto a colaborar.

E para rematar daremos a volta á "curva" para descubrir a **Vacina da Risa**. E subiremos na **Corentrona**, unha cadeira de rodas na que Peter Punk mostrará as súas habilidades e baixará a rampa da desescalada para bater co muro dos recortes. Conseguirá derrubalo?

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *Punkdemia*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



A Vela Circo

O Último que Apague a Luz

O público asistirá a unha voda! Esta cerimonia busca ser un momento de humor e de reflexión. De reflexión dos roles de xénero, das novas tradicións: o puro para os homes e o lanzamento olímpico de ramo para as mulleres; se o amor é un acto de rebeldía. Neste espectáculo, coma en calquera voda, hai equilibrios con tarta, malabares, clown... Agardamos por vós para a nosa celebración!

A COMPAÑÍA

A Vela Circo está formada por Ana Cuevas López e Santiago Montero Fernández. Unha compañía diáspora revolucionaria galego-arxentina de circo poético-metafórica que é nada no ano 2020 pra crear os seus primeiros espectáculos: *A Corda* e *O Último*.

O circo do absurdo, do caos e da poesía dos nosos tempos.

Ficha artística

Elenco Ana Cuervas, Santiago Montero

Nome do espectáculo *O último que apague a luz*

Modalidade artística circo, danza, humor, clown, slapsticks, acrobacia.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



Sempre Arriba

C'est pas possible

Por diante un día máis de traballo, e baixo a súa responsabilidade, que todo este listo para o inicio da función. Afeita a traballar na sombra, a técnica e rigger é a encargada de preparalo todo para que a Gran Artista brille na escena. Sempre responsable, disciplinada, eficaz e profesional, pero hoxe a súa rutina vai ser alterada pola mirada do público, despertando o seu lado torpe e fantasioso, levándoa a facer aquilo creía imposible.

A COMPAÑÍA

Sempre Arriba é unha compañía de clown e circo integrada por Marta Iglesias, licenciada en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e artista multidisciplinar galega.

Hoxe en día disfruta de usar o clown como elemento comunicativo, presentando os seus traballos baixo o nome de **Sempre Arriba**, acompañando en procesos creativos a compañeiras de profesión, impartindo formacións e colaborando con outras compañías.

Ficha artística

Elenco Marta Iglesias

Nome do espectáculo *C'est pas possible*

Modalidade artística Circo, aéreos, humor, clown

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación espazo exterior ou interior amplo



VIDEO



DOSSIER

A Vela Circo

A corda

Coma unha cometa sen fío, dende o humor e o circo, esta pallasa, fala soa, responde e vai e ven porque non atopa o seu lugar. Acompañada polo súa leal bañeira, a cal faille soñar e reafirmar que as tolas, non son tan tolas. Que a loucura, cura!

A COMPAÑÍA

A Vela Circo está formada por Ana Cuevas López e Santiago Montero Fernández. Unha compañía diáspora revolucionaria galego-arxentina de circo poético-metafórica que é nada no ano 2020 pra crear os seus primeiros espectáculos: *A Corda* e *O Último*.

O circo do absurdo, do caos e da poesía dos nosos tempos.

Ficha artística

Elenco Ana Cuervas

Nome do espectáculo *A Corda*

Modalidade artística circo, danza, humor, teatro físico, clown, acrobacia

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

ASACOCIRCO

Asacocirco Show

Este é un espectáculo que nace da tolemia e idiotéz dos seus protagonistas: **Mirroska e Juanito**, os dous clowns deste divertido mini circo. Da fusión destes dous pallasos e do público, créase a **maxia do teatro de rúa**, son risas aseguradas.

Os personaxes irrompen en escena alborotando coas súas ganas de protagonismo, como a dun neno. A partir de aquí: **unha presentación**, un número de maxia cómica, números de mazas, bólas e acrobacias mesturadas con xogos participativos co público. Todo isto en clave de humor, que fará pasar aos asistentes un intre divertido e sen desperdicio.

A COMPAÑÍA

Asacocirco ten máis de 10 anos de historia. Está formada por **Miriam Crespo e Joao Alvim**. Traballaron en moitas cidades e vilas de Galicia e o Estado e en diversos países. Son malabaristas, actriz e actor cunha longa experiencia no mundo das artes escénicas. **Destacan** pola súa presenza e sorprenden coa orixinalidade das grandes estruturas de lume que manipulan con destreza.

Ficha artística

Elenco **Miriam Crespo e Joao Alvim**

Nome do espectáculo **Asacocirco Show**

Modalidade artística **Circo, Lume, Malabares, Humor**

Público ao que vai dirixido **Todos os públicos**

Idioma **Galego ou Castelán**

Duración do espectáculo **50 min**

Ubicación **Espazo exterior**



VIDEO



DOSSIER

ASACOCIRCO

Circo de Lume

Un espectáculo de pura acción! O obxectivo é manter a atención ó 100% e impresionar ó público. “*Circo de Lume*” é un espectáculo para todos os públicos, ideal para a noite. Consta de emocionantes números, que mesturan técnicas de danza con malabares, manipulación, pirofagia, humor e relación directa co público. O elenco está formado por Joao Alvim e Miriam Crespo, malabaristas con máis de 13 anos de experiencia. Fan que este espectáculo destaque por impresionantes efectos visuais dignificando o motivo dos actos con lume.

A COMPAÑÍA

Asacocirco ten máis de 10 anos de historia. Está formada por Miriam Crespo e Joao Alvim. Traballaron en moitas cidades e vilas de Galicia e o Estado e en diversos países. Son malabaristas, actriz e actor cunha longa experiencia no mundo das artes escénicas. Destacan pola súa presenza e sorprenden coa orixinalidade das grandes estruturas de lume que manipulan con destreza.

Ficha artística

Elenco Miriam Crespo e Joao Alvim

Nome do espectáculo *Circo de lume*

Modalidade artística Circo, Lume, Malabares, Humor

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego ou Castelán

Duración do espectáculo 45-50 min

Ubicación Espazo exterior (consultar para interior)



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Víctor Cantero

Nome do espectáculo *Pallaso Total*

Modalidade artística Clown, Malabares, Maxia, Música

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Duende Circo

Pallaso Total

Duende Circo é a creación de Víctor Cantero, un ser adicado a revolucionar e a sorprender, en calquera momento e lugar. Un artista multidisciplinar, apaixonado da vida!

Habilidades e fracasos para tódolos públicos. Humor, malabares, música e maxia, son algúns dos ingredientes deste explosivo cóctel.

Dende 2009 ata hoxe realiza diferentes espectáculos, unipersonais ou acompañado de outros artistas.

Traballa en diversos espazos e programacións culturais como festivais, escolas, salas, prazas...

A COMPAÑÍA

Víctor Cantero "Duende Circo" ten participado en festivais como Pardiñas (Lugo), Millo Verde (Pontevedra), Vibra Balboa (León), Ponte Louco (Ourense), Noite da Lúa Meiga (Pontevedra), Encontro Internacional de Malabaristas O Retruke (A Coruña), As San Lucas de Mondoñedo (Lugo), Encontro de malabares de Pradoluengo (Burgos), FIC Gáldar (Gran Canaria), Habitúa-te (Portugal), etc.



VIDEO



DOSSIER